



BANDO

Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa do Concello de Vimianzo.

FAI SABER:

Como todos coñecedes estamos a vivir un longo período de seca que ten provocado unha diminución nos recursos de auga en xeral, ata o punto de que Galicia está xa en situacións de alerta hidrolóxica.

Debido á previsión de que a escaseza e/ou ausencia de choiva se vai manter, e a que estamos en un período no que aumenta o consumo de auga, informo de que a prioridade a partir deste momento é usar a auga para os usos estritamente imprescindibles.

Polo tanto, informase do seguinte:

- Prohíbese o uso de auga potable para encher piscinas, regar, baldear, limpeza de fachadas e vehículos, etc.

- Instase ás empresas e comercios a minimizar o consumo de auga.

Antes de chegar a ter que tomar decisións máis restritivas hai medidas que poden ser aplicadas por todos sen grandes molestias.

Apelo á responsabilidade e civismo da veciñanza para un uso razoable e ao aforro da auga, un ben esencial para a vida, adoptando medidas como:

- Substituir os baños por duchas.

- Pechar as billas cando non se estean usando.

- Calquera outra que permita un uso sostible e un aforro no consumo de auga.

Rogo a implicación activa de todos vós para prolongar as reservas de auga o maior tempo posible.

AS MEDIDAS RECOLLIDAS NESTE BANDO MANTERANSE ATA NOVO AVISO

Agradéceselles a súa colaboración.

A alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)